

# IX - CONCURSO DE CAMELIA

## “Cidade de Narón”

Por NOVENO ano consecutivo, imos celebrar o concurso de camelia “Cidade de Narón”. Para facilitar a difícil labor do xurado, o número máximo de lotes a presentar a concurso, será de **dez** por expositor-concursante.

No premio “**Mellor Composición Artística Colectiva**”, poderán participar todas as agrupacións que representen a un colectivo (AA VV, entidades culturais, etc...) e que cada ano nos acompañan no certame. Nesta modalidade, valorarase a orixinalidade, armonía e efecto do conxunto florístico, podendo incluir nel outro tipo de plantas e flores, pero sempre coa flor de camelia como motivo principal.

### BASES:

**1.- Convócanse sete premios, nas seguintes modalidades:**

- Mellor Camellia japonica.
- Mellor Camellia reticulata.
- Mellor especie de Camellia.
- Mellor híbrido de Camellia.
- Mellor flor miniatura.
- Mellor cultivador-expósito.
- Mellor Composición Artística Colectiva

**2.-** Deberanse colocar como mínimo tres flores por lote, coa súa folla verdadeira. Non existe un número máximo de flores, pero si de lotes (10 por expositor).

**3.-** Terase en conta a homoxeneidade, tamaño, cor, estado de apertura, e colocación. Aínda non sendo obligatorio, se terá moi en conta a correcta identificación dos lotes: xénero, especie e variedade. (Ex: Camellia japonica “Ville de Nantes”)

**4.-** Os híbridos irán nomeados como tales, e si é posible nomeáranse os seus parentais. (Ex: Híbrido de reticulata “Valentine Day”) Admitiranse calquera híbrido, tanto inter como intraespecífico, incluso híbridos de híbridos e as súas variantes.

**5.-** Para o premio a mellor Camellia reticulata admitiranse tamén aqueles híbridos que teñen cualidades similares a especie C. reticulata (follas moi reticuladas, flores grandes, pétalos volvoretados, etc...)

**6.-** No premio ó mellor cultivador-expósito, tratarase de premiar a aquela persoa que, polas flores presentadas, a súa colocación, perfección, grao de homoxeneidade do/s lote/s, e esmero persoal destaque sobre dos demais.

**7.-** Os participantes no concurso non poderán colocar flores nin follas doutras especies que non pertenzan ó xénero Camellia, excepto os participantes no concurso a exposición artística colectiva.

**8.-** Non se colocarán os nomes dos expositores ata que teña pasado o xurado e éste de por rematada a súa tarefa.

**9.-** Os participantes no concurso deberán solicitar da organización os números para identificar os seus respectivos lotes.

**10.-** O número máximo de premios que poderá recibir un expositor será de dous, excepto no caso do premio ó mellor cultivador-expósito e exposición artística colectiva; os gañadores deste premio non poderá levar ningún outro.

**11.-** Calquera dos premios poderá declararse deserto si o xurado non atopa un lote merecedor.

**12.-** As decisións que tome o xurado serán inapelables.

**13.-** A participación neste concurso implica a aceptación íntegra das súas bases.



**11 y 12.02.2017**

DOLCE VITA - Odeón



## Saúdo do alcalde de Narón

A Mostra da Camelia Cidade de Narón alcanza este ano a súa décimo terceira edición. Como alcalde deste concello é para mí unha satisfacción poder saudarvos con motivo deste evento, que reúne no municipio a centos de persoas chegadas de diferentes localidades.

A flor camelia é a protagonista indiscutible deste evento, impulsado pola Asociación Galega da Camelia e no que gustosamente colabora o Concello de Narón. É precisamente esa colaboración a que nos permite ter en Narón un parque dedicado á camelia, situado no río Freixeiro e que conta con más de catorcentas árbores desta fermosa especie.

Os días 11 e 12 de febreiro o Centro Comercial Dolce Vita Odeón será o lugar de encontro de todas aquelas persoas que queiran gozar desta flor, que se poderá ver na tradicional exposición nunha gran variedade de especies, moitas delas cultivadas por veciñas e vecíños de Narón e doutros concellos da comarca. Son precisamente estes meses de inverno nos que locen na súa plenitude estas especies, entre as que desde este concello destacamos a Camelia Cidade de Narón, creada no ano 2002 e que ornamento coas súas flores desde 2007 un tramo do parque fluvial de Freixeiro.

A Camelia Cidade de Narón ten un significado moi especial para todos os naroneses e naronesas, pero na Mostra da Camelia Cidade de Narón poderemos tamén ver outras especies recoñecidas non só a nivel comarcal, senón tamén outros puntos da xeografía galega e española.

Para que un ano máis a Mostra da Camelia sexa unha realidade en Narón quero destacar e agradecer o traballo da Sociedade Española da Camelia e da Asociación Galega da Camelia. O seu labor permítensano trasano convocar este evento en Narón. Unha cita, á que animo a asistir a todas aquellas persoas que queiran gozar da calidade dunha flor que loce con todo o seu esplendor nesta época do ano.

José Manuel Blanco Suárez  
Alcalde de Narón

# XIII - MOSTRA DA CAMELIA

## “Cidade de Narón”

### PROGRAMA DE ACTIVIDADES

#### Sábado, día 11 de febreiro

**09.00 H**- Apertura e montaxe da Mostra

**13.00 H**- Inicio da calificación dos lotes concursantes. (Os expositores terán que ter rematada a colocación dos seus lotes).

**14.30 H**- Comida

**17.30 H**- Inauguración oficial da Mostra e apertura ó público. Acto de entrega de premios.

**22.00 H**- Peche da Mostra.

#### Domingo, día 12 de febreiro

**10.00 H**- Apertura da Mostra

10.30 - Visita ó Xardín de Camelias de Xosé Rivera Arnoso.

**18.00 H**- Clausura e desmontaxe da Mostra.

Solicito a participación na XIII Mostra da Camelia da Cidade de Narón

Razón Social \_\_\_\_\_ N.I.F. \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Apelidos \_\_\_\_\_

D.N.I. \_\_\_\_\_ Domicilio \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_ Teléfono \_\_\_\_\_

Correo electrónico \_\_\_\_\_

Superficie total necesaria \_\_\_\_\_ m<sup>2</sup>

Comensales \_\_\_\_\_

de 2017

A solicitude de inscrición deberá ser feita por medio do teléfono: 660 599 700 ou no correo electrónico: asociaciongalegadacamelia@gmail.com antes do día 10 de febreiro de 2017

**XIII - Mostra da Camelia**  
**9º Concurso de**  
**Flor de Camelia**  
**Cidade de Narón**  
en Dolce Vita (Odeón)